

IMPORTANTE. ESTA INFORMACIÓN VAI DIRIXIDA EXCLUSIVAMENTE AO ALUMNADO QUE NO CURSO 2023-2024 FOI ALUMNO/A DO CIFP IMAXE E SON.

INFORMACIÓN ADMISIÓN/MATRÍCULA ALUMNADO 2024-2025

ALUMNADO QUE ESTIVO MATRICULADO EN 1º CURSO

1) ALUMNADO QUE PROMOCIONA A 2º CURSO (ORDINARIO)

Presentar en administración o **ANEXO I** (dispoñible en conserxería do centro e en https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8211) **debidamente cuberto entre os días 24 de xuño e 4 de xullo (ata as 13:00)** xunto con **resgardo de pagamento do seguro escolar** (alumnado < 28 anos).

Os alumnos/as que o desexen poderán presentar esta documentación, debidamente asinada, en <https://cifp.eis.gal/secretaria/> no prazo indicado.

Nota: Para o **pagamento do seguro**, o alumnado menor de 28 anos deberá ingresar **1,12 euros** no seguinte número de conta de **ABANCA ES83 2080 0702 1730 4000 4918**

2) ALUMNADO QUE TEN QUE REPITIR 1º CURSO (ORDINARIO)

Debe participar de novo no proceso de **admisión mediante o procedemento establecido vía web** en <https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-curso-2024-2025> e presentala(*) nun centro público de FP de Galicia no prazo establecido entre o 24 de xuño e o 4 de xullo ás 13 h. **O alumnado que non teña promoción a segundo curso terá dereito a repetir con praza reservada por unha vez no mesmo centro no ano seguinte pero deberá solicitar de novo a admisión vía web.**

Á hora de facer a reserva de praza na aplicación deberá marcar a casilla de alumno repetidor de 1º curso.

Unha vez admitidos o alumno/a repetidor deberá matricularse no centro entre os días 17 e 22 de xullo ata ás 13 h. En caso de non facelo, perderá a praza.

Seguir as instrucións e prazos establecidos para facer a matrícula conforme ao seguinte calendario.

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	24 xuño ás 9:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas
Resolución provisional de solicitudes	10 xullo
Reclamación á listaxe provisional	10 xullo ás 9:00 ao 12 xullo ás 13:00 horas
Resolución definitiva de solicitudes	17 xullo
1ª adxudicación	17 xullo
Matriculación 1ª adxudicación	17 xullo ás 9:00 ao 22 xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	24 xullo
Matriculación 2ª adxudicación	24 xullo ás 9:00 ao 31 xullo ás 13:00 horas
3ª adxudicación	2 setembro
Matriculación 3ª adxudicación	2 setembro ás 9:00 ao 5 setembro ás 13:00 horas
Adxudicación continuada (chamamento)	11 setembro ás 9:00 horas ao 27 setembro ás 13:00 horas